

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 5 CINTA 6****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0006_005_en_0_23_46_id642_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0006_005_en_0_23_46_id642.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a sexta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala de como inflúen no mar e na pesca os ventos e de como predecir o tempo a través da observación das nubes e da lúa.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 6 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

NOTAS SOBRE O TEXTO

O compilador dividiu o texto da transcripción por distinto fenómenos que afectan ao mar.

PALABRAS CHAVE

mar, pesca, peixe, onda, mareta, lúa, vento, marea, ardentía, ardora, marusía, estacións, chuva, refrán, dito popular, tronada, borrasca, climatoloxía, mariñeiro.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 6



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

E os diferentes estados nos que está o mar como influe nas capturas da pesca, o que se chama a calma chicha o mar é cando está como un plato, ¿eso é bo para pescar sempre?

R: Home, realmente é, porque sempre traballas á túa maneira ¿non? porque muitas veces, vamos a supoñer, andan as correntes, ti topas agora un monte de sardiña e queres largar, pero ese monte de sardiñas leva unha corrente, vai palá e a corrente ven para acá, e se ti non largas para onde vai el, quedas atrás, date conta agora tropezas con unha persona aí, e queres catala, pa catala tes que poñerte pola banda de alá para catalo, porque él escapa para alá sempre. E nós ó miralo peixe largamos as redes, pero as corrientes...

P: Que traballan en sentido contrario, non fai nada claro.

R: O aparello vai enriba todo, hai que buscar o momento oportuno para... Eche como o campo, o campo ten os seus días de recollemento do fruto ¿non?. Ti sembras un campo e ten un día para recollelo, se recolles antes de tempo...

Mareta

P: Malo, e despois tamén... Cando se move o mar produce as ondas, nos tamén chamamolle maretas ¿É o mesmo dicir maretas que ondas, é o mesmo? Ou as maretas son mui fortes.

R: As maretas. Quen as produce é a velocidá.

P: ¿A velocidá do vento e...?

R: Ou a velocidá de un barco. Un barco pois produce unha mareta. A velocidá do mal tempo ...en costa ambas (?) en campo aberto. A brisa do mar, pois tropezan unhas con outras, baten e producen maretas, porque hai veces, dicen moitas veces na televisión, tres metros de onda, tres metros ou catro. Pois aí non vai barco ningún. E tropezan contra os barcos. E si acaso preguntan...

P: Nós chamámoslle maretas, ¿é o mesmo que onda?

R: É o mesmo.

P: O que pasa que uns chámanlle ondas, nós aquí en Moaña chamamos maretas, ás ondas do mar ¿non?

R: Non, aquí o nome propio son a onda, ondas de catro metros, seis metros, cinco metros.

P: Ó mar inflúelle muito á luna pas baixamar ¿non? O mar cando está abaixo chámase baixamar e arriba marechea.

R: Eso é unha cousa que non hai quen o explique aquí. ¿Por qué, por qué no mundo -digo eu- o mar... Porque agora mesmo nosoutros botamos un cubo de auga e está sempre o mesmo?, ¿E por qué o mar ten ese baixón e esa subida?

P: E inflúe muito a luna, a atracción da luna que é o que forma na baixamar as mareas vivas e as mareas mortas, ¿como se produce o ciclo ese de mareas vivas e mareas mortas?

R: Quen o sabe. ¿Por qué motivo -dijo eu moitas veces- se produce mareas cortas e mareas vivas?

P: Eu preguntáballe cánto dura o que é unha marea viva, e que son as mareas mortas ¿O ciclo canto dura mais ou menos?

R: Mais ou menos ten unha duración dun mes.

P: Un mes.

R: Neste mes bota, agora é luna chea, hai cuarta menguante, eses son os nomes que lle puxemos o seres viventes. Luna chea son cando son as mareas altas, luna a nacer, son cando son as marés cortas, as marés andan con luna, cando a luna é alta, está feita, vamos está o cuadro feito todo, esa é a luna (?)



P: ¿Canto tempo tarda en baixar unha marea? ¿Seis horas máis ou menos?

R: Seis horas.

P: ¿E dunha marea a outra se produce un retraso de un cuarto de hora ¿non?, ¿ou tres cuartos de hora?

R: Hai vinte e catro horas de diferenza. É onde cambia, nas vinte e catro horas, agora a luna nace agora, e decimos naceu a luna, o vinte e catro ou vinte e seis, así como vai nacemento a luna vai crecendo, entón as marés que eran mortas, as marés van crecendo tamén, e as marés van crecendo coa luna, hasta cando é a luna, a luna está feita, completamente chea, que lle chamamos a luna chea, entón é cando as marés son máis altas, entón as esas marés chamámoslle as marés da luna, porque son as marés de luna, e as correntes no mar vólvense cando é a luna chea as marés máis altas ten máis velocidade a maré a auga no mar, cando baixan suben con máis forza.

P: Si suben con máis forzas ¿E para pescar son boas esas mareas altas, esas mareas cheas?

R: ¿Pa?

P: Pa pesca

R: Calculas...

P: Pa a pesca, cando hai luna chea para a pesca non é boa.

Ardentía

R: Non, en moitos oficios, vamos a pór... esto da ardora, de cerco este, influía moito, porque cando nacía a luna, as mareas do mar, a auga salada non había luna, non había claridá, as augas do mar non se miraban o peixe, ese fósforo que ten o mar, ese fósforo de noite facía unha iluminación que pasaba un peixe por debaixo do barco e mirábase, pero cando é luna chea esa forza da luna tapa a iluminación do mar, e pasa o barco e non mira o peixe.

P: E o que chamaba a aguardentía eso.

R: A aguardentía, é o que chamaba auga ardente, ardente de auga.

P: Ardentía.

R: Pois vai ardentía... (?)

P: Entón por ela mirábase o peixe.

R: Claro.

P: E o peixe estaba ó mellor, estaba máis cheo, tiña máis comida cando había a luna ou menos ¿porque inflúelle non?

R: Inflúe porque o peixe ten a súa comeduría coa luna, ¿non?

P: Dican que coa luna que perde moito.

R: Perde moito. Perde despois que, o tempo está mellor, non é que sea a luna, o peixe, pois en setembro ¿non?. Vamos a pór en setembro, agosto... agora empeza a ter a sardiña hasta agosto, setembro, outubro, hasta outubro, tres meses que a sardiña pois colle grasa.

P: Está boa, ... (?) unha asadura... Estea a marea chea ou...

R: E despois desova, e despois ven o desovo, ese mes. Despois están... que comen, están de comeduría, ponse gorda, e despois ven o desovo, que o peixe ó desovar despois queda raquítico e hai que alimentarse, aliméntase todo de esa basura que encontran polo mar.

Marusía, mar de fondo, ventos

P: ¿Cando se produce unha marexada?, ¿Por qué se produce unha marexada? ¿cando hai mal tempo? ¿cando é iso non saen os barcos ó mar non?

R: Marejadas. ¿Esas marejadas cando se producen? É cando veñen elas, máis no inverno, máis no inverno. Porque, unha marexada que veña... Agora tes unha marexada o mesmo



vento e no mesmo sitio, venche no mes de junio, julio, agosto, setiembre, nunca hai muito peligro.

P: ¿Salen os barcos ó mar igual non?

R: Pero o mesmo vento, o mesmo mar, pero no inverno ten máis forza, bate máis no que encontra por diante.

P: E porqué ¿porque hai mar de fondo ó mellor?

R: Eu máis que forza, eu creo que...pola.. é pola clima., polo ambiente...

P: ¿E o mar de fondo?

R: O mar de fondo prodúceo o vento ese a velocidá. Mar de fondo chámalle que vai usté navegando nesa marejada...

P: Móvese, e incluso as augas de abaixo son máis revoltas e todo, ¿aí xa non se sale ó mar, xa non se sale a pescar con mar de fondo non? E en canto ós ventos, hai algúns que influen muito na pesca, cando hai norte aquí na ría case non se pesca nada.

R: Moitas veces depende das circunstancias, porque muitas veces (estas tres palabras non se escoita na cinta) prohibe pescar. Porque vamos a ver, mar de fondo, encontras peixe, nese mar de fondo as redes teñen que ser máis fortes, porque nesa ...(?) de subir e baixar rómpense a sardiña, empeza a reventar polo plomo...Hai muito mar de fondo. Mi madre!

[P: *Traballa muito o mar nelas.*

R: *Traballa muito o mar nela, hai muito mar de fondo.*]¹

P: ¿E Usté sabe cando vai cambiar a norte ó mellor, sabíase?, ¿había así algún síntoma que dixera, vai haber norte?

R: O único síntoma que hai e a velocidá do aire.

P: Polo aire.

R: Da velocidá das nubes, das nubes que van polo aire, voando polo aire, sabes o vento que iba ser. Porque agora de aquí sales co norte, sales co norte e chegaches a unha hora ou dúas horas a fóra da Illa, ó xurelo ou a sardiña, e topas sudoeste.

P: Cambiou totalmente.

R: Topas outro vento.

P: E co norte [*non se pescaba nada, polo menos aquí na ría non se colle case nada ¿non?*]² ¿escapa o peixe ou... ?

R: Escapa o peixe, entérrase o peixe.

P: Vai pos fondóns, tamén aféctalle muito. Entón o mellor vento para pescar ¿que é o sur?

R: Aquí nesta ría si. Cando se traballaba co cebo, coa raba, os ventos de abaixo. Chámanlle ós ventos de abaixo son os ventos de sur, sureste, suroeste. Os ventos do norte e nordeste e todos eses ventos son ventos secos, e o peixe agáchase. Aquí nesta ría querían ventos húmidos, porque ten máis comedurías, descúbrense máis comedurías, máis alga.

P: E traelle algo de afora, que lle entre máis comeduría, porque o sur efectivamente, mete o mar para dentro, o norte é ó revés.

P: E o sudoeste...

P: E o sudoeste, ¿é cando se levantan os temporales?

R: O sudoeste é cando máis tempo entra por aquí, por esa costa que hai aí, nos temos este pedazo ó sur moitas veces para pescar o suroeste. Suroeste e sur son ventos que máis pescado trae.

P: ¿O vento que lle chaman de travesía cal é o do sudoeste?

R: É oeste.

P: ¿Qué?

R: Oeste, oeste

P: Oeste é travesía.

¹ O fragmento destacado en cursiva entre corchetes non se escoita no audio

² O fragmento destacado en cursiva entre corchetes non se escoita no audio



R: É o vento de travesía. O vento este, ou o sudoeste³.

P: ¿E son os que traen os temporales?

R: O noroeste. O vento máis malo e o que máis mar mete, é norte... nor..o nordeste. Nordeste. Norte. Nornordeste. Oeste sudoeste, é todo igual. Desde o este hasta ó norte, e o sitio máis malo que ten a...

P: É cando veñen todos eses temporales que levan as tellas, que levan todo.

R: Cando veñen chubascos así fortes e, sin embargo, cando hai suroeste pode vir unha ventorrada seguida, pero cando salta ó oeste, aí hai que lle ter medo. Pois claro é cando veñen aqueles cairos de pedraza e de to...(?)

P: Ese é do oeste hacia o norte.

P: Hacia o norte. Aparte coa medida do compás, norte, oeste, sur e este son os catro ventos.

P: O este apenas soplan ¿non?, os ventos do este, ¿influen na pesca cando hai vento de naciente?

R: O que menos influe na pesca... Péscase máis co oeste. Co Oeste...O que menos inflúe nos catro ventos: norte, sur, este, oeste, é o sur. Este, é un tipo seco.

P: ¿Ven mui pouco non? É rara a vez que ven. Pero eso péscase igual.

R: Se mira...(?). O que prohibe de traballar é moitas veces é oeste, oeste, OESTE.

P: ¿Chamábase tamén lestía? ¿que é a lestía?

R: A lestía é entre norte e oeste (rectifica) e leste, e leste.

P: O leste que é igual ó que é oeste ¿non?

R: É nordeste, veu aparejada (colle unha folla).

P: ¿Quere escribir aí? É unha especie de rotulador.

R: Norte, sur, oeste, este. Estes son os catro principais.

P: ¿E o oeste tamén chámase leste?

R: No, no, no...

P: ¿Entonces o leste cal é?

R: Oeste, oeste... oeste este...Norte, sur, este e oeste, son os catro principais.

P: ¿E a lestía? ¿Como lle chaman...?

R: A lestía é este, entre un e o outro.

P: Entre o norte e mais o este.

R: Entre o norte e mais o este.

P: Si que aquí sería a entrada da ría de alá. A entrada da ría vamos, da de San Simón, no sentido da ría, entón cando hai travesía é ó revés, o sea, é a que atravesa a ría.

R: Porque ti ves co norte, despois hai aquí unha mancha, nornordeste...nordeste...Este. Despois aquí, sueste ou sudoeste (?)... ten unha serie de... porque aquí agora vai por cuadrante, os principais son: norte, sur, leste, oeste. Destes catro principais os máis malos son: norte, fuerte, e o oeste.

P: O oeste, é cando veñen os temporales de chuvia e tormenta de...

R: Porque ten moitos cobijos polo menos aquí nesta marca de aquí. Os ventos deses teñen a fisonomía do terreno, é quen lle da o abrigo, porque, como tal, oeste é costa aberta, todo de costa aberta. Vamos a supoñer, sur, hai un cacho que é abrigado, fai uns abrigos en cada terreno. O norte, tamén entre norte e nordeste hai un abrigo. Pero oeste. Oeste todo o terreno que é do oeste que é aquí arriba, todo o terreno que dice oeste, é malo porque ven con temporales.

P: Sempre...

³ Vento de travesía é do sudeste, coincide coa entrada da boca sur das Cies. O vento sur chámalle mura e orienta cando ven de Vigo ou Bouzas.

Nubes, lúa e previsión do tempo

P: E en canto ás nubes, ¿qué tipos de nubes hai, e como sabe usté o tempo que vai a vir polas nubes?

R: ¿Que tempo vai a vir polas nubes?

P: Si hai algunhas nubes que son escamentas ¿non?, cando chaman: “o ceo escamento chuva ou vento”. Xa sabe que pode haber...

R: Ás veces botan..(?) outras veces pois non, disólvense.

P: E como lle chaman ¿teñen algún nome concreto as nubes? ¿Cando son negras chámanlle de algunha forma?

R: Temos ese modo de pensar, porque tes mira, luna chea, a luna chea marca, a luna mírala escamenta ...(?)

P: ¿Está escamenta a luna que quere decir?

R: Escamenta indícache o vento, pero ten unha cousa, cando a luna vai de pé, sabes que a luna vai diminuíndo ou subindo, vai cortada, vai cortada por un lado, non vai desaparecendo a mesma luna, vai desaparecendo en cachos.

P: Pouco a pouco si.

R: Pouco a pouco, ten catro partes, ten a luna deitada, a luna de pé, cando a luna vai de pé, marinero acostado.

P: Acostado, deitado, si.

R: Acostado, deitado, porque non... declina mal tempo. Cando a luna vai deitada marinero en pie, e moitas veces non falla ¿eh?. Moitas veces non falla.

P: ¿E logo se a luna leva cerco?

R: Porque a luna é esta, esta é a luna, cortada polo medio. Decimos a luna cortada, mariñeiro en pie. Porque nesta parte decimos se a luna vai cortada, marinero en pie é unha rareza que non haia unha pequena... movimiento de tempo, de temporal.

P: De aire, non hai nada ¿E a luna cando leva cerco, que significa?

R: Cando leva cerco leva toda a luna chea, se ocupa todo o cerco.

P: ¿Que vai haber chuva, venta chuva?

R: Ten ese refrán, que venta e chuva, hai un movemento, en todas as lunas hai un movemento, coñécese ese movemento....aquí na borrasca.

P: Si as borrascas son xa as nubes negras ¿non?

R: Hai en todo...Si, porque, agora mesmo está claro, pero hai luna chea e todo está, pero de alí a un momento pois empezou a toldar.

P: ¿E agora usté xa o sabe antes cando vai a vir a chuva, mais ou menos a coñece polo tipo de nubes? Que dicimos vai vir...

R: Vas pensando. Vas pensando como vai a vir o tempo, porque o tempo non che ven de repente, porque agora mesmo estás traballando con un calor, e nunha tronada, fíxose unha tronada desas de relámpagos e tronos, e non bota vento ningún, desfíxose a tronada, pero hai outra que Pum! ...(?) de tronos que descargan unha serie de peripecias...empezas a vir con relámpagos e neves e todo eso.

P: Eso cólleno de improviso, ou ¿xa sabe polo calor que pode haber, ou polo tipo de nubes?

R: Cóllete de improviso moitas veces, avisa.

P: E iso, como avisa.

R: Avisa, avisa. Porque agora mesmo, como pasa moitas veces, estás traballando tranquilamente, empeza a tronar polo sur, fórmase unha tronada aí polo sur, e a tronada ven correndo sea po oeste sea po noreste, e tes ti, teste que dirixir ó nordeste, buscando o cobijo, porque non te vas a enlazar á altura, pero a cousa da tronada, a tronada en vez de ir para o nordeste vai po oeste, vas a tropezar coa tronada.

P: E ten que escaparlle.

R: E tes que escapar antes.

P: ¿Cando hai tronada péscase ben igual, coa tronada, ou o peixe anda máis abalado?

R: Non. Non. O peixe coa tronada, o peixe anda mais aboiado, o peixe vai máis a flote.

P: E as nubes brancas, indícanlle algo, que hai bo tempo vamos.

R: Indican bo tempo.

P: ¿E cando hai estratos todo no ceo?

R: Eses estratos desaparecen, a veces aumentan.

P: ¿Indican algo?

R: Indican moitas veces que mañan vai a vir chuva ou mañan ven cambio de tempo moitas veces, pero... ven mañan e non... equivocámonos moitas veces...moitas veces nos equivocamos.

P: E a luna cando leva unha aureola de nubes ó redor, ó través miras unha aureola, eso venta chuva ¿non? E que outros tipos de nubes pode identificar que poidan afectar na pesca.

R: A nube ten un límite, que todas as vinte e catro horas fai o recorrido, e todos os meses ten que nacer a luna, meterse a luna. ¿Por qué se mete a luna?. Agora mesmo, mírase a luna, a luna chea ten un circo redondo ¿e porque vai disminuindo a luna? que á noite temos media luna tapada.

P: Eso depende a posición que teña a terra coa luna.

R: Eso é o que pregunto eu moitas veces, e no outro día nace a luna por onde naceu onte.

P: Vai girando, vai cambiando pouco a pouco ¿Cando se pesca mellor con luna de menguante ou crecente?

R: Con luna de menguante.

P: Menguante é a mellor luna ¿non?

R: Porque ven crescendo a luna. No momento no que empeza a vir a luna, e ó ser a luna xa... vai disminuindo xa o peixe vai agachado (?)... Porque primeiro o pescado... nace a luna, pero aínda está cego, acaba de nacer o peixe un día por outro... de profundidade e despois xa está cansado.

P: ¿E cal son mellor, a lua chea ou a luna nova para pescar?

R: A luna nova.

P: A luna nova, cólese mellor, péscase máis que coa chea ¿E cómo saben? ¿A luna nova é cando empeza a ardentía do mar?

R: ¿Como?

P: ¿A ardentía do mar cando se da? En que fase lunar se da a ardentía do mar, cando empeza a brillar o mar, cando ten ese fósforo.

R: Coas lunas.

P: Coas menguantes ou coa chea.

R: Iso depende... porque agora mesmo vas pescar con luna nova, a luna nova empezas a pescar, luna chea diminúe, vai disminuindo a luna de ser chea despois vólvese outra vez a diminuír, e ó chegar a un término de decir que marchou aquela fascina, aquela ardentía, aquel ...(?), pois volves a pescar outra vez, a pesca nosa é do cuadro dúas augas ardentes. Do cuadro de abordo, en principio...